



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Seguridade Social Complementaria

Materia	Seguridade Social Complementaria			
Código	V08M104V01101			
Titulación	Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pazos Perez, Alexandre			
Profesorado	Leyenda Martínez, Luis Esteban Pazos Perez, Alexandre Trillo García, Andrés Ramón			
Correo-e	alexpazos@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Coñecer o marco institucional e as medidas máis habituais de protección social complementaria ao nivel básico da Seguridade Social.			

## Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social
CG2	Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
CG3	Saber recoñecer os aspectos económicos da Seguridade Social e das Relacións Laborais.
CG4	Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer das institucións de Seguridade Social Complementaria	CG1 CG3
Dominar en concreto as institucións do piar complementario de Seguridade Social: planes e fondos de pensións, mutualidades de previsión social, fundacións e seguros.	CB3 CG1 CG4 CG5
Ser quen de asesorar a empresas e a traballadores para a implementación de sistemas de protección de índole profesional.	CB2 CB3 CG2

Ser quen de asesorar a autónomos e individuos na planificación individual da súa protección social.	CB2 CB5 CG2 CG4
Estar en condicións de asesorar no campo da protección social complementaria.	CB5 CG2 CG4 CG5
Posuír habilidades para xestionar institucións de protección social complementaria.	CB3 CB4 CG2 CG3

## Contidos

Tema	
Tema 1. ACCIÓN SOCIAL E PROTECCIÓN SOCIAL NA EMPRESA: IDEAS XERAIS	1. Comentarios preliminares. 2. A protección social complementaria e outros asuntos non menores. 3. Os aspectos institucionais. 4. Obxectivos dos actores sociais
Tema 2. MODELOS ECONÓMICOS EXPLICATIVOS DAS DECISIÓNS DE AFORRO	1. Introducción. 2. Os modelos tradicionais. 3. O modelo da elección intertemporal. 4. O modelo do ciclo vital 5. O modelo do ingreso ou da renda permanente. 6. Outras modelizacións económicas.
Tema 3. INTRODUCCIÓN Á PROTECCIÓN SOCIAL COMPLEMENTARIA	1. Fundamento e motivos. 2. O nivel profesional da protección social: espazo e ámbito obxectivo. 3. O nivel profesional fronte ao individual. 4. Melloras de seguridade social e outras medidas. 5. Condicións do seu desenvolvemento. 6. Igualdade e non discriminación por razón de sexo. 7. Asistencia social e servizos sociais públicos. 8. Cauces de instrumentalización das medidas de acción social.
Tema 4. PLANS E FONDOS DE PENSIÓNS (I)	1. Introducción. 2. Externalización dos compromisos por pensións. 3. Plans e fondos de pensións. Normas reguladoras. 4. Concepto e elementos Caracterizadores. 5. Modalidades. Especial referencia aos plans de emprego. 6. Principios. 7. Constitución do plan de pensións
Tema 5. PLANS E FONDOS DE PENSIÓNS (II)	1. Achegas: límites. 2. Continxencias protegibles. 3. Prestacións: réxime xurídico. 4. Dereitos consolidados: mobilización e rescate. 5. Réxime fiscal. 6. Cláusulas de convenios colectivos.
Tema 6. MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL	1. Concepto e natureza. 2. Principios. 3. Clases. Complementarias e alternativas. 4. Constitución e funcionamento. 5. Prestacións asegurables.
Tema 7. FUNDACIÓNS LABORAIS	1. Consideracións previas. 2. Definición e elementos configuradores. 3. Constitución. 4. Finalidade e beneficiarios. 5. Estatutos. 6. Rexistro. 7. Patrimonio e financiamento. 8. O padroado. 9. O protectorado. 10. Fundacións laborais en España.
Tema 8. SEGUROS DE VIDA E XUBILACIÓN. PLANS DE XUBILACIÓN	1. Os seguros de persoas. 2. Seguros colectivos dos traballadores. 3. A protección da xubilación nos convenios colectivos.
Tema 9. MEDIDAS ACERCA DA XUBILACIÓN DIFERENTES DOS COMPROMISOS POR PENSIÓNS	1. Ideas xerais. 2. Medidas de fomento do anticipo da idade de xubilación. 3. Medidas de fomento do atraso na idade de xubilación. 4. A contorna dos expedientes de despedimentos colectivos.

Tema 10. SEGUROS DE CONTINXENCIAS PROFESIONAIS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A protección das continxencias profesionais.</li> <li>2. Os seguros de danos.</li> <li>3. Puntos críticos.</li> <li>4. Seguros e responsabilidade Civil.</li> <li>5. Xurisdición Competente.</li> </ol>
Tema 11. COMPLEMENTOS DE SUBSIDIOS. EN PARTICULAR, DE IT E DE DESEMPREGO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Melloras voluntarias de prestacións Temporais.</li> <li>2. Complemento de IT.</li> <li>3. Mellora da prestación de desemprego.</li> </ol>
Tema 12. ACCIÓN SOCIAL E RSC	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A empresa socialmente responsable e a acción social.</li> <li>2. Planificación da acción social e valores da empresa.</li> <li>3. Obxectivos, finalidades e establecemento dun marco de prioridades.</li> <li>4. Servizos sociais na empresa e catalogación.</li> <li>5. Salarios en especie.</li> <li>6. Cláusulas de convenios colectivos.</li> </ol>
Tema 13. VANTAXES PARA OS TRABALLADORES E OS SEUS REPRESENTANTES NA IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS DE PREVISIÓN SOCIAL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Criterios de priorización da acción social desde a perspectiva dos Traballadores.</li> <li>2. Acción social e participación dos traballadores na empresa.</li> <li>3. Implicación dos Traballadores na empresa.</li> </ol>
Tema 14. PLANIFICACIÓN FINANCEIRO-FISCAL DOS INSTRUMENTOS DE PREVISIÓN SOCIAL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción.</li> <li>2. Cálculo da rendibilidade financeiro-fiscal dos diferentes instrumentos para a xubilación.</li> <li>3. Comparativa con outras alternativas de investimento.</li> <li>4. Recomendacións financeiro-fiscais para a empresa e os traballadores en relación á xubilación.</li> </ol>
Tema 15. COMPARATIVA EUROPEA DOS INSTRUMENTOS DE PREVISIÓN SOCIAL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción.</li> <li>2. Instrumentos de previsión social complementaria na Unión Europea.</li> <li>3. Aplicabilidade destes instrumentos para o caso español.</li> <li>4. Posibles liñas de mellora en materia de previsión social a partir da experiencia Comparada.</li> </ol>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	19	34
Estudo de casos	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos principais da materia obxecto de estudo, con orientación das fontes de estudo e prantexamento das cuestións máis conflitivas existentes.
Estudo de casos	Prantexamento e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal fin, o docente propondrá a resolución de supostos de feito ou o comentario de sentenzas, para a súa posterior discusión en clase.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Estudo de casos/análises de situacións
Lección maxistral	Sesión maxistral

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Valorarase a asistencia a clase e a participación activa dos estudantes: dúbidas, opinións e comentarios.	25	
Estudo de casos	Realizaranse dúas prácticas en relación cos contidos teórico-prácticos da materia. A cualificación de cada un deles será dun 25 por 100 da nota total.	25	
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os coñecementos da materia.	50	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o presente curso.

### **1ª CONVOCATORIA (febreiro):**

**Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:**

a) **Avaliación continua.** Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 25%
- Exercicios prácticos: 25%
- Proba tipo test: 50%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxestión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b) **Avaliación final.** Aqueles alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

### **2ª CONVOCATORIA (xullo):**

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao Sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaríanse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non se conservarán, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

CABEZA PEREIRO, J. y FERNANDEZ PRIETO, M. (dirs.), **Manual de Protección Social Complementaria**, 1, Tecnos, 2017

##### **Bibliografía Complementaria**

---

#### **Recomendacións**

##### **Materias que continúan o temario**

Prácticas Externas/V08M104V01219

Traballo de Fin de Máster/V08M104V01220

---

#### **Outros comentarios**

Convén que se teñan coñecementos previos do sistema español de Seguridade Social.

---

#### **Plan de Continxencias**

##### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes: Suspenderase as clases presenciais e as clases desenvolveranse mediante as aulas virtuais facilitadas pola universidade de Vigo no día e a hora indicadas.

---